

INFORMACIÓN ADICIONAL | SERVICIO DE ASESORÍA XURÍDICA

Normativa: Regulamento (UE) 2016/679 RGD.

Responsable: FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL

CIF: G70191051

Enderezo: Rúa Galeras, 17, 2º, oficina 5, 15705 Santiago de Compostela (A Coruña)

Teléfono: 881 943 148

Correo electrónico: info@danocerebralgalicia.org

Finalidade do tratamento:

A finalidade do tratamento é levar a cabo a xestión dos datos de carácter persoal para a resolución das consultas formuladas ao Servizo de Asesoría Xurídica da Federación Galega de Dano Cerebral (Dano Cerebral Galicia).

Lexitimación do tratamento:

A lexitimación para o tratamento dos seus datos cuxa finalidade sexa a resolución das dúbidas formuladas perante o Servizo de Asesoría Xurídica da Federación Galega de Dano Cerebral é o consentimento.

Informámoslle que pode retirar o seu consentimento en calquera momento, dirixíndose por escrito ao enderezo do responsable do tratamento. Se retira o consentimento, os tratamentos que se realizaran antes continuarán sendo válidos.

Prazos de conservación:

Os seus datos gardaranse ata que se solicite a súa supresión pola persoa interesada.

Destinatarios de datos:

Os seus datos comunicaranse á persoa colaboradora contratada, coa que a Federación mantén un vínculo contractual, para a prestación do servizo.

Dereitos da persoa interesada:

- Acceso: dereito a obter confirmación sobre se estamos tratando datos persoais seus ou non, a saber cales son, para que se usan, canto tempo se van gardar, a orixe dos mesmos e se se comunicaron ou se van comunicar a un terceiro.
- Rectificación: dereito a solicitar a rectificación dos datos inexactos e a que se completen os datos persoais incompletos.
- Supresión: dereito a solicitar a supresión dos datos de carácter persoal cando sexan inadecuados, excesivos ou xa non sexan necesarios para os fins para os que foron recollidos, incluído o dereito ao esquecemento.
- Oposición: dereito a opoñerse, en determinadas circunstancias, a que se realice o tratamento dos seus datos persoais ou a solicitar que se cese no tratamento.
- Limitación do tratamento: dereito a solicitar, nas circunstancias establecidas legalmente, que non se traten os seus datos máis aló da mera conservación dos mesmos.
- Portabilidade: dereito a recibir os datos de carácter persoal nun formato estruturado, de uso común e lectura mecánica, e poder transmitirlos a outro responsable, sempre que sexa tecnicamente posible..

Exercicio dos dereitos:

O exercicio de dereitos deberá efectuarse por escrito anexando fotocopia do seu documento identificativo, e dirixila ao enderezo anteriormente citado. Así mesmo, poñemos á súa disposición modelos para o seu exercicio, que poden recollese nas nosas instalacións ou obtelos pinchando [aquí](#). Para máis información:

<https://www.aepd.es/>

Dereito de reclamación perante a Autoridade de Control:

No caso de que non se respectaran os seus dereitos pode presentar unha reclamación dirixíndose por escrito á Axencia Española de Protección de Datos, sita na rúa Jorge Juan, 6-28001-Madrid ou utilizar a sede electrónica: <https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/>

En ambos casos, deberá acompañar a documentación pertinente.